

## **PROPOSTA DE FUNCIONES PARA A NOVA CATEGORÍA PROFESIONAL DE ASISTENTE TÉCNICO DE SERVICIOS E INSTALACIONES DO GRUPO IV**

1. As propias das actuais categorías de auxiliar técnico de servizos xerais e de auxiliar técnico de instalacións deportivas.
2. Instalación, conexión á rede e mantemento de equipos informáticos persoais; substitución e instalación de compoñentes dos mesmos, tales como discos duros, unidades de memoria ou tarxetas, periféricos e de calquera outro que poida ser instalado sinxelamente nun equipo informático persoal.
3. Informar aos responsables da rede de comunicacións das necesidades que poidan xurdir por incorporación ou cese de novos usuarios, pola necesidade de novos puntos de acceso á rede e de calquera outra circunstancia da que teñan coñecemento que afecte ao correcto funcionamento da rede de comunicacións no centro.
4. Instalación e mantemento do equipamento audiovisual e dos terminais de telefonía do centro.
5. Tramitación das peticións, e subministración ao usuario, dos consumibles dos equipos informáticos, dos sistemas audiovisuais e de telefonía.
6. Colaborar cos responsables dos servizos de informática, comunicacións ou de medios audiovisuais, nos labores de distribución de novos equipos informáticos, equipos audiovisuais e de telefonía, así como coa retirada ou novo destino ou uso dos que sexan substituídos.
7. Colaborar cos servizos de informática, comunicacións ou de medios audiovisuais, e no seu caso cos responsables de asuntos económicos do centro, no inventario de equipos, programas e usuarios do centro.
8. Prestar información, colaboración e apoio nas dificultades que poidan ter os usuarios na utilización dos equipos informáticos persoais, equipos audiovisuais ou terminais de telefonía, poñendo inmediatamente en coñecemento do persoal técnico aquelas dificultades que non poidan resolver.
9. Realizar as tarefas informativas, preventivas, de mantemento e de coordinación que se lles encomenden dentro da planificación de prevención de riscos que realice a Universidade.
10. Calquera outra que en materia informática, audiovisual, de telefonía ou da rede de comunicacións e en materia de prevención de riscos que sexa necesaria para o correcto desenvolvemento das anteriores funcións, e aqueloutras que se lles poidan encomendar dentro do ámbito citado e da formación recibida.